

DIALÉCTICA SOCRÁTICA E RELATIVISMO DOS SOFISTAS

Na segunda metade do século V ac, en Atenas, iníciase unha nova busca intelectual, non centrada xa en cuestións físicas e cosmolóxicas, como as que lles interesaron aos filósofos presocráticos, senón no propio ser humano e na súa organización social. É un novo resplandor racional, de temática antropolóxica, que lle deixará paso ao esplendor do período clásico.

Desde a época arcaica, as preto de cinco mil polis que configuraban a Hélade, evolucionaron cara réximes aristocráticos, militaristas (Esparta) or cara réximes democráticos como os nados na costa e illas de Xonia. Nesta época a máis avanzada é Atenas.

Con Pericles, o máis destacado gobernante ateniense, todos os cidadáns libres (menos dunha cuarta parte da poboación) teñen os mesmos dereitos, todos están convocados á Asemblea popular semanal (*ecclesia*), todos, e ben por elección ou por sorteo, podían formar parte de calquera dos órganos de poder. Atenas proclamaba a igualdade dos cidadáns ante a lei (*isonomía*).

Na segunda metade do século V ac deuse alí unha situación extraordinaria de inquietude, preocupación e difusión culturais. Homes inquietos de toda a Hélade (arquitectos, escultores, dramaturgos, filósofos...) traladábanse a Atenas.

O grupo de filósofos que neste momento reflectiu esta situación cultural é o dos **sofistas**.

O centro de interese dos filósofos anteriores fora a natureza; estes novos pensadores, os sofistas, rexeitaban esta temática cosmolóxica por non veren posibilidade de acadar unha explicación única ao problema da *physis*, e ocúpanse de **cuestións** que xiran directamente **ao redor do ser humano**, da súa educación para vivir en democracia, da súa organización social.

Satisfizeron unha necesidade histórica ligada á democracia: ensinaban aquilo que todo home libre anhelaba, a **habilitade retórica** ou **capacidade política**. Os sofistas gañaban a vida preparando aos seus alumnos para a vida activa da polis, ensinando a excelencia ou areté que capacitaba no dominio da linguaxe e a habilitade retórica e política que permitía argumentar, persuadir e mostrar as dúas caras a toda cuestión.

Defenderon unha teoría do coñecemento **RELATIVISTA**. Cuestionaron a capacidade humana de acadar un coñecemento seguro e universal. Eran xente que visitara diferentes polis e constataran a dificultade de obter un coñecemento fiable no que os habitantes das distintos lugares coincidisen nas mesmas cuestións. Nesta liña, **Protágoras** de Abdera mantiña que “O home é a medida de todas as cousas.”, célebre frase coa que nos indica que existe unha verdade para cada home que pense.

Gorxias de Leontini foi aínda máis radical: afirmaba que non podemos estar seguros de nada. Esta postura denomínase **escepticismo**. Sostén que se algo existe, non podemos coñecelo; se chegásemos a coñecelo, tampouco poderíamos comunicalo. Por iso defende que a actitude máis sensata é a **dúbida permanente**.

Unha das cuestións máis relevante que ocupou aos sofistas foi determinar o carácter **natural (physis)** ou **convencional (nomos)** de costumes e crenzas. Esta oposición de conceptos ocasionou numerosas discusións e foi analizada a distintos niveis: lingüístico, legal, educacional...

No ámbito educacional os sofistas adoitan afirmar que a excelencia ou *areté* non é algo que os aristócratas posúan por natureza, senón que todas as persoas poden adquirila a través da educación. Con esforzo e práctica, calquera ser humano pode adquirir a excelencia propia do cidadán dunha democracia. Neste sentido, a filosofía destes homes ten a máis clara actitude democrática.

Segun nos contou Platón, **Sócrates**, aínda que é coetáneo dos sofistas, diferenciábase radicalmente deles: el é o seu crítico e **polemizador**: rexeita tanto o **relativismo** como o **escepticismo**. O optimismo cara a razón humana lévao a crer na existencia de leis estables, que se poden descubrir e coñecer. Dixo, irónicamente, “Só sei que non sei nada”; pero non nega a posibilidade de acceso ao coñecemento por parte do home. Quere dicir que só quen se recoñece ignorante pode iniciar un camiño racional, cara o coñecemento; o intelixente é ter a humildade de recoñecerse ignorante.

Sócrates comparte cos sofistas a preocupación pola educación dos mozos e por acadar a excelencia ou areté. Pero o seu enfoque é distinto: para él a areté é coñecemento, é dicir, a adquisición dunha habilidade ou excelencia require coñecementos. Para el, os sofistas defendían algo absurdo, pois sostiñan que non se pode coñecer pero pretendían ensinar...como pode ensinar o que non sabe?

O método socrático é a **DIALÉCTICA**. Inicialmente, chámase así á arte do diálogo, a arte de formular as preguntas adecuadas levando a discusión cara un obxectivo determinado. Aparentemente daba a sensación de ser unha investigación conxunta, pero o interlocutor, con insuperable habilidade, era conducido ao recoñecemento da súa ignorancia. Neste proceso dialéctico, Sócrates utilizou dúas poderosas ferramentas: a **ironía** e a **contradición**. Sócrates ironiza contra todo aquel que está seguro do seu saber. Con aire inxenuo e inocente, pregunta simulando que non sabe; o interlocutor comeza a responder sen complexos; seguidamente, Sócrates fai máis preguntas para aclarar aquelas respostas, e pouco a pouco, condúceo a contradicións lóxicas.

Se ben os sofistas asumían a existencia da contradición, porque o seu relativismo facía defencibles os razoamentos opostos, para Sócrates chegar a unha contradición invalidaba o razoamento, pois invalidaba a tese inicial, base da discusión. En resumen: o interlocutor críase moi sabio, pero era unha sabedoría chea de contradicións, un sabio que cre saber pero que non sabe.

Pero despois desta primeira fase de levar mediante a ironía nas preguntas ao interlocutor á contradición e recoñecer a súa propia ignorancia, despois de abandonar os prexuízos e saberes infundados, a arte dialéctica, convertíase en ferramenta de acceso ao coñecemento, en **maieútica**, na arte de axudar ao interlocutor a buscar por si mesmo a verdade. Esta agóchase no seu interior, de ahí o término “maieútica”, en grego “parir” ou “dar a luz”. Así como súa nai, que era parteira, Sócrates afirmaba que exercía a arte de axudar a que nazen as ideas.

Para Sócrates, a excelencia ou virtude (areté) non viñan por nobleza, sangue ou posición social, senón unha calidade baseada en valores intelectuais e morais. O home é bo ou malo pòr criterios internos, da súa conciencia, e non pola fama nin os bens materiais que posuise. Realiza así unha **revolución ética**, ao substituír a importancia da fama pola da **conciencia** interior de cada un.

A razón é fundamento, para Sócrates, non só do coñecemento senón tamén da moralidade: só quen razoa pode ser bo (se quero ser xusto, teño que saber qué é a xustiza; se quero ser bo teño que saber que é a bondade). Só quen investiga usando a súa propia razón chega a ser virtuoso.

A teoría que considera o coñecemento como base da moral recibe o nome de **intelectualismo moral**, e Sócrates foi o primeiro filósofo que o defendeu.